

## 2. As redes sociais en educación.

É importante ser conscientes dos riscos á privacidade que presentan as redes sociais, e moi especialmente no referente a menores de idade. Tamén debemos actuar conforme á legalidade e non traballar con redes sociais ou outros servizos que se ofrecen en Internet, cando a idade mínima legal requirida é a de 14 anos na actualidade. Isto esténdese tamén á creación e uso de contas de correo electrónico. Un rapaz ou unha rapaza de 13 anos, conforme á lexislación vixente, non podería rexistrarse para obter unha conta de Gmail ou Hotmail, por exemplo. Outra cousa é que saibamos que gran parte do noso alumnado dispoñen de contas tanto en correo como en redes sociais, pero non é o noso labor fomentar estes comportamentos.

Se o alumnado é maior de 14 anos podemos comezar a usar redes do tipo de Twitter, que ten [moitísimas posibilidades educativas](#). Pero se é menor desa idade non debemos nin podemos usar redes xeralistas. Para iso existen as redes educativas que na maior parte dos casos funcionan como redes pechadas, limitadas ao profesorado e alumnado dun determinado centro ou grupo escolar.

Por outra banda, algo que diferencia ás redes sociais doutros servizos de Internet é a súa falta de especialización. YouTube, por exemplo, serve para ver vídeos, inda que tamén permite relacións entre os seus usuarios mediante o sistema de comentarios e de votacións. Wikipedia ten como obxectivo principal a difusión do coñecemento “enciclopédico” por chamalo dalgún xeito, pero ao igual que YouTube tamén dá a posibilidade de discusións sobre o seu contido e a creación comunitaria. Pero as redes sociais xeralistas non teñen un obxectivo específico (difusión de vídeos, de artigos) inda que o permite. Pero o seu fin principal é o que noutras é un servizo complementario: a relación entre persoas. A súa forza está precisamente na facilidade para poñer en contacto persoas, pero non de forma individual como o podería facer un servizo de correo electrónico, senón de forma masiva e con orde.

Por iso poden resultar tan útiles para a educación, porque poñen en contacto alumnado e profesorado entre si (ás veces incluíndo a pais e nais) ao mesmo tempo que permite debater ideas e intercambiar información de calquera tipo.

Para que sexan efectivas en educación, as redes deben dispoñer da capacidade de crear grupos de alumnado e profesorado. Deste xeito inda que unha rede funcione en todo un centro escolar, os seus usuarios deben ter a posibilidade de funcionar en grupos máis pequenos, que virían ser a extensión da clase física. E mesmo crear grupos só de profesores ou grupos só de alumnos para a realización de determinados traballos, por poñer un caso.

Grazas ao traballo con redes sociais podemos unir a parte máis formal da educación coa máis informal das relacións sociais. Isto é algo especialmente atractivo cando estamos traballando con grupos adolescentes, onde a reafirmación da personalidade é tan importante.

As redes sociais educativas ademais, ao ser contornos pechados e controlados, evitan os riscos doutras redes (colgar contidos inapropiados, cyberbullying na rede). Non existe o anonimato nestes sistemas e por iso é algo fácil de detectar e resolver, inda que seguramente nin se chegarán a dar. Son deste xeito unha ferramenta moi axeitada para ensinar comportamento dentro da rede.

## 2.1. Principais vantaxes do uso das redes sociais en educación.

Poderíamos estendernos o que quixeramos para falar dos beneficios das redes sociais creadas para traballar co alumnado, pero estas que sinalamos a continuación representan moi ben as principais vantaxes. Están tomada do artigo do blog de Juan Domingo Farnós Miró titulado [Social Learning... entre el conocimiento y el análisis de datos! \(Educación Disruptiva\)](#).

- Permiten centralizar nun único sitio todas as actividades de docentes, profesorado e alumnado dun centro educativo.
- Aumento do sentimento de comunidade educativa entre alumnado e profesorado grazas ao efecto de proximidade que producen as redes sociais.
- Mellora o ambiente de traballo ao permitir que o alumnado poda crear os seus propios obxectos de interese, así como os propios do traballo que require a educación.
- Aumento da fluidez e sinxeleza da comunicación entre profesorado e alumnado.
- Incremento da eficacia do uso práctico das TIC, ao utilizar a rede como medio de aglutinamento entre persoas, recursos e actividades. Sobre todo, cando se utilizan as TIC de forma xeneralizada e masiva no centro educativo.
- Facilita a coordinación no traballo de diversos grupos de aprendizaxe (clase, materia, grupo de alumnado dunha materia, etc.).
- Aprendizaxe de comportamento social básico por parte do alumnado: que podo dicir, que podo facer, ata onde podo chegar, etc.

## 2.2. Tipos de redes sociais.

Non hai unha clasificación estándar no que atinxe ás redes sociais. De todos modos podemos optar pola proposta de [Juan José de Haro](#), quen distingue entre **servizos de redes sociais estritas** e **servizos 2.0 con características de redes sociais**.

Xa se comentou anteriormente que moitos servizos que naceron na Rede con outro obxecto, acaban funcionando tamén dalgún xeito como redes sociais. É o caso de YouTube, WhatsApp ou Instagram, por sinalar algúns exemplos. Serían servizos cuxo obxectivo principal é un obxecto e as relacións entre persoas teñen como finalidade compartir ese obxecto (vídeos, documentos e presentacións, relacións profesionais, etc). **Serían os servizos 2.0 con características de redes sociais** ao que nos referimos arriba.

Hai un caso especial, que podemos denominar *software de redes sociais*. Son programas que se descargan de Internet e deben instalarse nun servidor propio. Teñen como vantaxe que se poden controlar totalmente, co que non dependemos das limitacións que impoñen as empresas de redes sociais. Normalmente son bastante personalizables, pero teñen como inconveniente que precisan dun servidor propio conectado a Internet e contar cun persoal técnico para realizar o seu mantemento. Un exemplo deste tipo e [Elgg](#), unha plataforma de código aberto que é utilizada como rede social en moitas universidades de todo o mundo. Pola súa dificultade de implementación non nos deteremos máis neste tipo de servizos.

Nós ímonos centrar máis no que consideramos **redes sociais estritas**, aqueles servizos que teñen como función principal conectar persoas. Nun principio son servizos sen

especializar, onde o centro das actividades son as relacións. Máis tarde os usuarios poderán darlle un sentido diferente e dar máis importancia a un aspecto ou outro destas relacións.

Dentro deste tipo de redes distinguimos entre:

#### Redes sociais horizontais.

Son aquelas onde os usuarios se incorporan a unha macrocomunidade, onde as relacións entre calquera dos seus membros é en principio posible. En calquera momento un usuario pertencente a este tipo de rede social poderá establecer relacións de amizade con calquera outra. Inda que se poden formar grupos illados, a certo nivel, as relacións horizontais son sempre posibles. Exemplos destas redes son Facebook, Twitter ou Google+.

Non son redes aconsellables para educación con menores de idade, ou cando menos con menores de 14 anos, xa que estes poderían establecer relacións con persoas alleas ao proceso educativo e é unha fonte potencial de problemas relacionados coa intimidade e a privacidade dos menores. Así a todo, si poden empregarse con alumnado maior de idade.

#### Redes sociais verticais.

Son redes creadas polos propios docentes. É dicir, que calquera persoa podería crear unha destas redes (no noso caso para dedicalas a funcións educativas, pero poderían ter outros fins). O alumnado que se incorpora a estas redes non poderán establecer relación máis que cos membros da propia rede social educativa. As redes sociais deste tipo poden illarse totalmente doutros usuarios que estean usando o mesmo servizo. É dicir, unha rede de alumnado de ESO e Bacharelato dun centro escolar será totalmente independente dunha rede sobre teatro, inda que estea creada utilizando o mesmo servizo. Este tipo de redes verticais agrúpanse sempre en torno a un tema común (educación, traballo, fotografía, etc.) e son, polo tanto, máis especializadas que as horizontais.

Redes deste tipo son [SocialGo](#), [Oswall](#), ou [Ning](#), entre outras. Hainas de pago e de balde, e unhas presentan máis características que as fan máis axeitadas que a educación que outras. [Edmodo](#) ou [Schoology](#) –na que nos imos centrar neste curso– son tamén redes que entran nesta categoría.

Outra posible clasificación das redes sociais é a que ofrece [Manuel Area](#), quen distingue:

- Redes de masas. As máis coñecidas. Son deste tipo Facebook ou Twitter.
- Redes abertas para compartir arquivos en distintos formatos: YouTube, [Flickr](#), [Slideshare](#), serían algunhas delas.
- Redes temáticas ou comunidades de aprendizaxe cun obxectivo común ou interese específico. Serían Ning, [Elgg](#) ou [SocialGo](#). Schoology tamén quedaría encadrada neste grupo.

### 2.3. Uso das redes sociais educativas.

Hai uns días, a finais de febreiro de 2017, foi noticia [o experimento dun instituto de secundaria](#) da comunidade de Madrid que fixo viral en todo o mundo un debuxo dun

monicreque chamado Nico. O obxectivo da profesora deste centro era demostrar ao seu alumnado a potencialidade das redes sociais para difundir contidos. Máis concretamente pretendía alertar do perigo de publicar determinadas imaxes persoais.

Esta iniciativa dá unha idea do que as redes sociais supoñen no día a día do noso alumnado. Falamos de redes sociais en sentido amplo, incluíndo nelas aos servizos que orixinalmente non nacen como tales (WhatsApp ou Instagram) como xa temos dito.

Un centro educativo colombiano fixo un experimento similar. Nunha das paredes do seu edificio había unha pintada que dicía “Aproveita o que tes, hai xente que daría o que fora por ter a metade ca ti”. Esta mensaxe, anónima, chegaba cada día a todos os membros desta institución educativa. Os seus responsables quixeron potenciala máis e publicaron a foto desta pintada na súa páxina de Facebook. Ao pouco tempo tiña xa máis de 4000 likes e fora compartido máis dun centenar de fotos, e seguía medrando.

As redes sociais son un novo espazo público, e ademais de compartir tamén se protesta, se denuncia, serven como puntos de información, de análise e de entretemento. De aí vén o seu éxito, como sinala [Antonio García Zaballos](#), experto en telecomunicacións do Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID).

A día de hoxe case poderíamos afirmar que os adolescentes cren máis a persoas externas que a aos que coñecen no mundo real e, cando non saben algo, primeiro preguntan a Google e logo a YouTube.

Cando un pequeno ou pequena se escolariza, o seu centro educativo convértese nunha das súas primeiras e máis importantes redes sociais. Non rede social online, senón rede social no seu sentido orixinal, como o foi desde sempre. A súa educación vai xirar en torno á colectividade, a compartir, colaborar, preocuparse polos demais e aprender en grupo. A socialización é consubstancial á educación actual.

E os nosos alumnos e alumnas teñen xa o costume de estar presentes nas redes sociais online, e xa desde idades anteriores ao límite legal que marca a lexislación.

Son moitas as experiencias do uso das redes sociais online na escola. Na rede poderedes atopar moitas. Inda que a maioría das que se publican están feitas sobre todo con redes horizontais ou de masas, nada impide que se podan realizar esas mesmas experiencias en redes especificamente educativas como Edmodo ou Schoology. Tedes aquí unha serie de enlaces que vos levan a algunhas destas experiencias.

- [Ocho propuestas para utilizar las redes sociales en el aula](#)
- [Usos de Twitter en educación](#)
- [Google+ en la enseñanza](#)
- [Experiencias de clase con Microblogging](#)
- [Twitter en las aulas](#)
- [Guía de Facebook para educadores](#)
- [30 consejos para enseñar con ayuda de las redes sociales](#)
- [Redes sociales: como transformá-las em aliadas da sua escola](#)

De todos modos, e xa noutro ámbito, as redes sociais educativas tamén ofrecen posibilidades como a creación, dentro delas, de:

### Redes de profesores.

Con frecuencia, a información compartida polo profesorado e de tipo confidencial. Unha rede exclusiva e privada permite compartila de forma máis segura. Ofrece a posibilidade de funcionar como repositorio de recursos, enlaces, textos e material educativo en xeral. Ao mesmo tempo ser ve de medio de comunicación entre o profesorado, lugar de discusión da programación –a modo de foros– o como axenda para marcar reunións, confirmar asistencia...

### Redes de nais e pais de alumnado.

Pode ser unha forma para que pais e nais podan estar en contacto cos profesores e titores dos seus fillos e fillas. Así se poden explicar polo miúdo as actividades, programas lectivos, notificacións para as familias, calendario de eventos ou para colgar fotos. En definitiva, un mellor modo de comunicarse con pais e nais.

Á hora de traballar con redes sociais na clase, estes poden ser algúns consellos útiles a ter en conta:

- Permite que o alumnado presente os seus traballos a través do blog da rede. Os artigos do blog pódense etiquetar (palabras que definen o contido). Usando a etiqueta que determine o profesor se consegue ver todos os artigos que nos interesan de forma moi rápida. Ademais, no perfil do alumno veremos toda a súa actividade pública, artigos do blog incluídos.
- Permite que o alumnado presente os seus traballos a través de ferramentas externas á rede en forma de presentación, vídeo, sitio web, blog ou con calquera das ferramentas que existen. A rede usarana para entregarvos o traballo.
- Fomentade as preguntas e o diálogo a través do foro de discusión ou do muro.
- Acostumádevos a incluír material útil para o alumnado na rede: presentacións, resumos, consellos, enlaces, vídeos, etc.
- Utilizade os eventos para que haxa un rexistro de datas importantes: entrega de traballos, exames, etc.
- Fomentade que o alumnado cree os seus propios grupos dentro da rede para a realización de traballos. Desta maneira disporán dun sitio de fácil acceso para comunicarse entre si.

Finalizamos recomendando este documental que busca comprender o día a día da utilización das redes sociais por parte do profesorado e do alumnado de ensino medio do Colégio Estadual Brigadeiro Schoert, na área de Río de Janeiro.



## 2.4. Algunhas redes sociais educativas.

### [Edmodo.](#)

Seguramente a rede máis parecida a Schoology, á que dedicaremos boa parte deste curso. É unha plataforma creada especificamente para a educación. Ofrece ao profesorado un espazo virtual onde compartir mensaxes, arquivos, enlaces, calendario, así como propoñer actividades e tarefas e xestionalas. Foi creada en Illinois no 2008, por dous empregados do sistema educativo de Chicago que se propuxeron pechar a brecha entre como os estudantes viven as súas vidas e como aprenden na escola. No 2016 contaba xa con máis de sete millóns de usuarios activos. É de balde e non existen contas premium como noutras redes. Iso significa que a súa funcionalidade é plena. Non esixe instalación nin configuración local no equipo, xa que todo está baseado nunha aplicación na rede. Está dispoñible, entre outros idiomas, en español e en portugués do Brasil. Conta con aplicación para móbil tanto [Android](#) como [OS](#).

### [RedAlumnos.](#)

É unha rede social educativa de pago, inda que nas súas condicións explica que se se utiliza no ensino público para fins divulgativos e científicos, sen ánimo de lucro, hai a posibilidade de poñerse en contacto con eles para chegar a un acordo. Do contrario, os prezos comezan a partir dos 7.95 euros ao mes. Desde as súas aulas virtuais pódense realizar exames en liña e utilizar os recursos que o profesorado poña a disposición do alumnado. Dá a posibilidade de importar listados creados con outras aplicacións, como Excel, e como característica salientable, o alumnado pode facer autocorrección dos seus exames.

### [Edu 2.0.](#)

Outro espazo de e-learning que ten opción gratuíta e de pago. Está dispoñible en moitos idiomas. Inclúe creación de grupos, rexistro de notas, chat, foros, noticias, wikis, blogs, mensaxería, controis de asistencia, enquisas, personalización do portal...

### Otra educación.

É unha rede social para profesorado e alumnado de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria creada por un colectivo de profesorado coordinados por dous profesores da Universidade de Córdoba. Ao igual que as anteriores conta con foros, blog, calendario e a posibilidade de descargar documentación, enlaces e levar adiante titorias virtuais.

### Edoome.

Edoome é unha plataforma aberta para axudar a mellorar a comunicación entre institucións educativas, profesores e estudantes. Un profesor pode rexistrarse, crear un curso, invitar aos seus alumnos dándolles un código de acceso, compartir documentos (ppt, pdf, etc.), poñerlles notas e responder dúbidas nos foros nunha interface que se asemella bastante a Facebook. Calquera usuario pode solicitar que se agreguen novas institucións de calquera país co cal o centro educativo dispoñería dunha Intranet para as súas comunicacións. Ten opción gratuíta e opción de pago e está dispoñible en inglés, español e portugués.

### Internet en el Aula.

É unha rede enfocada ao profesorado. Naceu a raíz do Congreso Nacional Internet en el Aula de 2008. O rexistro é de balde y ofrece servizos como grupos (sobre temas diversos), foros de discusión, blogs, multimedia, talleres abertos de aprendizaxe en colaboración, webinars e chats. É unha forma interesante de contactar con outros profesionais do ensino para aprender, compartir e crear unha rede de contactos. Está construída sobre o software de Ning, do que xa falamos ao explicar a clasificación das redes sociais.

### Brainly.

Está especializada no ámbito da aprendizaxe social e e-Learning, xa que se basea no intercambio de coñecementos e ideas e na axuda mutua. Diríxese ao alumnado de todos os niveis, incluíndo os nenos escolarizados na casa, así como a pais e nais e profesorado. Poden consultarse as preguntas segundo as materias (Bioloxía, Xeografía, Historia, Arte, Ciencias Sociais...) e está dispoñible en varios idiomas. Hai que rexistrarse. Ten [aplicación para móbil](#).

### Doccity.

Útil para buscar, consultar ou descargar contidos que comparten outros estudantes. Así é esta rede social educativa que permite consultar apuntes, noticias, vídeos didácticos... relacionados coa bioloxía, a química, o dereito, a historia, os idiomas, as matemáticas ou a psicoloxía, entre outras materias. Para o alumnado universitario é unha interesante fonte de consulta, destacando a área de blogs no que se escriben artigos sobre as diferentes carreiras. Tamén permite intercambiar opinións, resolver dúbidas ou recibir notificacións cando outro usuario consulta os contidos que subimos. Os alumnos cunha participación máis activa van acumulando puntos, o que dá acceso ás diferentes opcións da páxina.

### [G Suite for Education.](#)

É a solución integrada de comunicación e colaboración que Google ofrece aos centros educativos. A idea é usar todas as ferramentas que Google ofrece aos usuarios (Gmail, Google Docs, websites, hangouts, Google Calendar, Google Drive...) de forma integrada para a comunicación e a colaboración no ámbito da educación. É gratuíta inda que ten unha opción de pago, G Suite Basic, que ofrece máis capacidade. O requisito para inscribirse é ser un centro de ensino primario, secundario ou superior sen ánimo de lucro e autorizado por unha organización de acreditación recoñecida. Tedes máis información e instrucións para o rexistro desde a [sección de preguntas frecuentes](#).

Existen outras redes similares ou plataformas que, sen ser estritamente orientadas á educación, permiten a creación de sitios educativos.

E por suposto, destacamos Schoology, que vai ser a que ocupará este curso a partir do seguinte capítulo. Semellante a Edmodo, ten características que a fan máis completa. Nos últimos anos desenvolveuse moito máis e un grande avance foi a posibilidade de usar máis idiomas que o inglés, que era unha das súas limitacións iniciais.